

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Brión para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/15425/22

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, referente a ruídos de maquinaria e depósito de gas en zonas comúns dun edificio residencial derivados dun obradoiro de pan no baixo e falta de actuación do Concello de Brión.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: En data do 26.12.2022 a promotora deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“En el bajo de nuestro edificio, sito en la XXX nºXXX, hay un obrador de empanadas, que incumple con la normativa de ruidos. Se han puesto las pertinentes quejas en el Ayuntamiento (más de una), y dado que no hubo resolución alguna, la Comunidad aprobó realizar una reclamación a través de un abogado. Yo, como Presidenta de la Comunidad y como una de las principales afectadas, les transmito mi desesperación, ya que no puedo descansar en mi domicilio, ni siquiera, en un día como hoy, 24-12-2022, tras una larga jornada laboral, en el que arrancaron las máquinas del obrador a las 07:00 am. Llamando al 062 me remiten a la Policía Local de Brión, y llamando aquí, nadie coge el teléfono, como ya ha venido sucediendo en otras ocasiones. Es una situación desgastante y desesperante, la de ver como nadie, nadie en absoluto, hace cumplir la Ley.

Por otra parte, el mismo obrador, instaló un depósito de gas en zona comunitaria sin contar con los permisos necesarios. La denuncia por este motivo se presentó al mismo Ayuntamiento el pasado mes de marzo, y tampoco hemos obtenido respuesta. Aunque el asunto del depósito no sea tan "molesto" como los ruidos, debido a su naturaleza, puede llegar a ser mucho más peligroso, ya que la Comunidad desconoce el estado de legalización del mismo. El Ayuntamiento por vía telefónica confirmó que estaba sin legalizar, pero no sabemos nada más, ni obtuvimos respuesta escrita alguna, por lo que no podemos emprender acciones legales y/o correctoras con respecto a este tema.

...

Estamos desesperados ante la inactividad y pasividad del Ayuntamiento. Cuando vas en persona, te atienden con una sonrisa, pero luego no realizan su trabajo. Ellos saben que este obrador no es legal, ya que en conversaciones con el Arquitecto Municipal, éste reconoció que con respecto a los ruidos, en su día no se hicieron las cosas correctamente, que había algo "raro" con este tema, y que en efecto, los ruidos en el edificio son importantes (afirmó haber realizado una inspección física, pero no concretó nada sobre cuándo tomarían medidas). Con respecto al depósito, lo mismo. En persona, por vía telefónica, etc, responden ante la insistencia, pero no actúan. La situación es desesperante. Tenemos un local en el bajo que se toma a la torera la Ley, y que sobre todo, no respeta a los que aquí vivimos. No sabemos qué más hacer cuando todas las vías han sido agotadas. "

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo os preceptivos informes ao Concello de Brión con datas 12.01.2023 (R.S. 492/23) e un informe complementario urgente o 08.06.2023 (R.S. 10493/23)

TERCEIRO.- Con data do 20.03.2024 (R.E. 3999/24), logo dos requirimentos efectuados recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

"Asunto: Contestación a solicitude de información da Valedora do Pobo referente á queixa presentada ante esa institución por XXX

En relación co expediente C.8.Q/15425/22 motivado pola denuncia formulada por dona XXX por mor dunha serie de molestias ocasionadas no edificio sito na XXX, núm. XXX, polo ruído procedente do local sito no XXX, letra XXX dese edificio, no que se leva a cabo unha actividade XXX" que conta co preceptivo título habilitante, cómpreme comunicarlle que se tramitou o correspondente expediente co

núm. 2024/G003/0000031, a fin de determinar se a actividade se axustaba ás condicións do título habilitante, especialmente, no que atinxe ás emisións sonoras, e que se resolveu mediante Resolución de data 23 de xaneiro de 2024, logo de que, por parte desta entidade municipal, se levaran a cabo varias medicións sonométricas nas vivendas afectadas e se resolveran as alegacións presentadas pola interesada.

Acompáñase copia das alegacións formuladas por dona XXX e Resolución da Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2024 pola que se resolve o expediente XXX

NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, o 23-01-2024, ditou a resolución con número 42/2024 que deseguido lle notifico:

""RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POR RUÍDOS PROCEDENTES DUNHA ACTIVIDADE.

EXPEDIENTE: XXX

ANTECEDENTES:

Visto o informe do asesor xurídico urbanístico do Concello, don XXX de data 26.12.2023 que se reproduce a continuación.

INFORME XURÍDICO

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

EXPEDIENTE: XXX

DENUNCIANTE: XXX

DENUNCIADA: XXX

EMPRAZAMENTO: XXX, núm. XX, andar XXX, XXX Brión

En relación co expediente de reposición da legalidade urbanística XXX promovido por dona XXX, por mor duns ruídos procedentes da actividade de obrador de pan que se leva a cabo no edificio sito na XXX, núm. XX, XX, XXX, Brión, infórmase:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. En data 5 de xullo de 2022, dona XXX presenta denuncia por mor duns rúidos procedentes da actividade de obrador de pan que se leva a cabo no edificio sito na XXX, núm. XX, XX, X, Brión. Acompaña coa denuncia un informe sonométrico elaborado pola entidade XXX, S.L.
2. En data 7 de setembro de 2022, levántase acta da visita de inspección xirada en data 22 de xullo de 2022 por parte dos servizos técnicos municipais, na que se consta que se accedeu ao interior de varias vivendas do edificio, e na que se fixo constar que as queixas dos inquilinos por mor dos rúidos procedentes do local no que se leva a cabo a actividade denunciada.
3. En data 30 de setembro de 2022, o técnico municipal emite informe no que conclúe que procede realizar unha medición acústica elaborada por unha empresa debidamente habilitada.
4. En abril de 2023, por parte da entidade XXX, a petición do Concello de Brión, emítense informe acústico para determinar o nivel acústico no interior da vivenda XXX como consecuencia da actividade lo XXX no que se atopa o devandito XXX
5. Logo de incoarse o expediente, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada en data 10.10.2023, toma razón da comunicación previa presentada por dona XXX para a execución de obra de adaptación do local.
6. En decembro de 2023, a entidade XXX, xira visita de inspección ao local e emite un segundo informe sonométrico.
7. En data 6 de decembro de 2023, dona XXX (en nome da XXX) presenta escrito de alegacións.

NORMATIVA APLICABLE:

- Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 2/2015, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- PXOM de Brión

INFORME:

1.- O presente procedemento incoouse por mor da denuncia presentada por dona XXX na que se poñía de manifesto unha serie de molestias acústicas procedentes dunha actividade que se leva a cabo no baixo do edificio no que reside.

A actividade denunciada, tal e como se indicou na incoación do expediente, atópase amparada polo título habilitante outorgado pola Xunta de Goberno Local en data 2 de xuño de 2016, que permite o exercicio da actividade de XXX. Consta en dito expediente o correspondente certificado acústico favorable para o exercicio da actividade.

2.- Malia isto, e co fin de comprobar os feitos denunciados e, en definitiva, se a actividade se axusta ao título que a ampara, encargouse unha primeira medición acústica que foi levada a cabo pola entidade XXX . Dita medición, que foi tomada seguindo o procedemento axeitado para tal efecto e por unha entidade debidamente acreditada, levouse a cabo na vivenda XXX, xusto enriba da actividade, e deu lugar a un exhaustivo informe no que se concluíu que os resultados das medicións cumprían certos parámetros acústicos e incumprían outros, como por exemplo era o caso dos valores de L_{KeqT} rexistrados no punto R.02 que se correspondía cun "dormitorio pequeno", o que supoñía un exceso nos límites acústicos previstos normativamente nesta estancia, isto é, un exercicio irregular da actividade que se está a levar a cabo.

Agora ben, na propia Resolución de incoación do presente expediente xa se indicaba respecto desas irregularidades detectadas, que semellaban de escasa entidade, xa que tal e como se desprendía do propio informe acústico emitido pola entidade XXX, os excesos acústicos advertidos referíanse a un só punto, o R.02. dormitorio pequeno (condición do art. 25.1.b.iii do RD 1367/2007: 40; medición: 41), e semellaban ser enmendables, xa que no propio informe se propoñían dúas alternativas para por fin a esta irregularidade.

Con todo, incóase o correspondente procedemento concedendo prazo de alegacións ás partes interesadas e logo da instrución do procedemento procede sinalar o seguinte.

3.- Sobre as medidas levadas a cabo polo denunciado.

Tal e como se desprendía do informe acústico, a fonte dos rúidos semellaba ter o seu orixe na amasadora e, sobre ela, o propio informe recomendaba tomar medidas correctivas. Por tal motivo, o

denunciado procedeu á execución dunha soleira de 1 metro por 0,60 de ancho, precisamente, coa finalidade de reducir a emisión de ruído.

Desta obra tomou razón a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o pasado 10.10.2023, logo de que fora comunicada polo denunciado.

O denunciado deu conta da execución das obras mediante escrito presentado en data 24 de núm XX, andar XXX XX, Brión, por parte de XXX, axústase á normativa acústica e ao título habilitante co que conta para o seu exercicio.

2. NOTIFICAR a correspondente Resolución aos interesados con expresión dos recursos pertinentes.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

8. RESOLVER que a actividade obrador de pan que se leva a cabo na XXX, núm. XX XX, XX, Brión, por parte de XXX, axústase á normativa acústica e ao título habilitante co que canta para o seu exercicio.

9. NOTIFICAR a correspondente Resolución aos interesados con expresión dos recursos pertinentes.""

O que se lle notifica para o seu coñecemento e efectos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede optar por: A) Interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, nos termos dos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. B) Interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo ante o órgano xurisdiccional competente da orde contencioso - administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Así mesmo advírteselle que tamén poderá empregar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente."

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O 25/04/2023 concluíamos de xeito positivo este expediente, toda vez que no informe remitido polo concello constaba: *"En relación coa denuncia de ruidos, temos a ben de comunicarlle que este Concello ten contratado os servizos da entidade mercantil: "XXX" para a realización das labores de medición e comprobación acústica, e informe conseguinte. Esta empresa está englobada no rexistro de empresas autorizadas/homologadas a tales efectos pola Xunta de Galicia.*

Queremos poñer de manifesto que nun prazo moi breve; inminente, esta empresa vai a realizar o citado encargo; procedendo a realizar as probas necesarias. O resultado da medición ten como obxecto verificar o cumprimento da legalidade urbanística e, en unha vez obtidos os resultados concluíntes da medición, e dentro do procedemento legalmente disposto pola lexislación urbanística que regula a materia (Disciplina Urbanística) e a propia lei de procedemento administrativo; procederase a realizar as oportunas accións e adoptar, e no seu caso, impoñer e promover as medidas observadas pola lexislación urbanística vixente en materia de Disciplina Urbanística (art. 152-164 da lei 2/2016 do Solo de Galicia (LSG)).”

Segunda: A promotora do expediente comunicou, logo dun tempo razoable, que a problemática persistía e que solicitara no concello unha copia do informe da medición acústica efectuada.

Terceira: O 8 de xuño do 2023, valorada a totalidade dos informes incorporados xunto coas comunicacións da promotora e os datos de rexistro municipal de escritos presentados solicitando copia do dito informe acústico, solicitouse un informe complementario ao Concello de Brión, no que esencialmente se interesaba coñecer:

- principais actuacións practicadas polo Concello de Brión dende o día 4 de abril de 2023, data de recepción do informe dese concello, nomeadamente sobre o resultado da medición acústica e estado de tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística relativo ao depósito de gas propano, incoado no mes de febreiro.
- se por parte do Concello de Brión se deu resposta ao escrito presentado por dona XXX en data 2 de xuño (R.E núm.: 1495)

Non foi ata 9 meses despois e sucesivos requirimentos, que recibimos o informe complementario, anteriormente transcrito, no que nada consta sobre a resposta ao escrito presentado pola promotora desta queixa no concello o 2 de xuño do 2023.

Cuarta: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 31 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Quinta: Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Brión o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de Brión debe contestar expresamente o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa (R.E.1495/23), se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.



O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo